


UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: MACIZO CENTRAL

O núcleo comprende as serras da Queixa, San Mamede, O Burgo, Fial das Corzas, Altos do Samión e Invernadeiro. A máxima altitude é a Cabeza Grande de Manzaneda, con 1.782 m (na serra da Queixa). Nos arredores, e con menor altitude atópanse os Montes de Corchouso a Serra de Urdideira, Pena Nofre e Serra Seca (no Sur), e Cabeza de Meda e Serra das Cabanas (no Norte). No seu conxunto presenta unha forma redondeada de aspecto macizo escavada polas beiras polos profundos vales dos ríos que nacen nos cumes. Está rodeado polo val do Sil, polo norte, os vales do Camba e Bibei polo leste, a depresións de Monterrei polo sur e a depresión da Limia polo oeste. Ten un gran interese xeolóxico, biolóxico, histórico e etnográfico. Acolle ecosistemas moi diversos tanto de tipo mediterráneo (val do Bibei) como atlántico, aínda que está moi degradada polas queimas e os bosques están reducidos a pequenas superficies no fondo dos vales e nas abas dalgúns montañas. A zona acolle unha gran biodiversidade, con máis de 900 especies vexetais, entre as que se atopan arredor de cen endemismos ibéricos. Unha gran parte está incluída no espazo natural "Macizo Central", declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposto para a Rede Natura 2.000.



SERRA DA QUEIXA

O punto máis alto é Cabeza Grande de Manzaneda (1.782 m). Conserva importantes pegadas das glaciacións: vales, morrenas, circo glaciario... No cume da Cabeza Pequena atópase a estación de montaña de Cabeza de Manzaneda. Accedese desde Pobra de Trives ou Manzaneda. Desde o cume sae unha pista para vehículos todo terreo que percorre a partes alta da serra da Queixa e Fial das Corzas e remata en Camba.



Serra da Queixa desde San Mamede.



Val Glaciar do Cenza. No Corvo de Cavallo, na vertente sudoriental de Cabeza de Manzaneda, ocupando o curso alto do río Cenza consérvanse as melloras mostras das glaciacións de Galicia: circo glaciario en forma de funil, morrenas laterais, rochas de aspecto aborregado pulimentadas e estriadas polo xeo, unha lagoa estacional de orixe glaciario, turbeiras...



Ns proximidades da serra da Queixa hai numerosos exemplares de castiñeiros centenarios. O máis destacado é o do souto de Rozabales.



Fervenza no río Casteliño, afluente do Navea.

SERRA DO FIAL DAS CORZAS


O monte máis alto é a Cabeza da Veiga do Fial, 1.552 m. Accedese desde Cabeza de Manzaneda, desde Camba ou desde Chandrexa de Queixa, por pistas sen asfaltar.




Vista desde a Serra de Fial das Corzas cara aos altos do Samión.

SERRA DE SAN MAMEDE

O cume máis alto, San Mamede, acada os 1.619 m. Domina as depresións ourensáns de Maceda e A Limia e ten unhas boas vistas sobre as serras da Queixa, Fial das Corzas e Altos do Samión. Nas abas dos montes hai bosques de bidueiros, capudres, acivros, avelairas, carballos e algún teixo. Dentro desta área hai un refuxio cercado con cervos e gamos. Accedese desde Montederramo ou desde Vilar de Barrio por pistas de terra.



Na aba norte de San Mamede atópase o **BIDUEIRAL DE MONTEDERRAMO** (bosque do Neixón) no que hai gran cantidade de exemplares centenarios. Distinguese pola altitude á que está situado, entre os 1.619 e os 1.000 m, e por ser un dos bidueirais situados máis ao sur de Galicia. Está declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposto para a Rede Natura 2000.



Capudre.



Pradiro.

MONTES DO INVERNADEIRO


Os picos máis altos son o Pico do Seixo (1.707 m) e Castrelo Grande (1.613 m). A zona ten moito interese xeolóxico, paisaxístico, botánico e faunístico. Posúe unha gran riqueza vexetal con especies atlánticas e mediterráneas, bosques de ribeira e amplas áreas repoboadas con piñeiro silvestre. Destaca pola riqueza da súa fauna silvestre. Hai unhas 150 especies de vertebrados (40 mamíferos e 90 aves). Acolle unha área de recuperación da fauna e zonas valadas nas que crían cervos, gamos, corzos, rebezos e cabras montesas. Está declarado Parque Natural e accedese pola estrada de Verín a Campobecerros. Precísase solicitar un permiso da Delegación da Consellería de Medio Ambiente de Ourense.



Cervo, unha das especies introducidas e criadas nos montes do Invernadeiro.



Crocus serotinus.



Bosque no Outono

